



## FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

### BREVE BALANCE DE PRESENTACIÓN 1997-2015.

- O FG simboliza unha política pública mancomunada da administración local, de consenso e transpartidaria, fuxindo de minifundismos e personalismos para artellar unha política de calidade en materia de cooperación ao desenvolvemento desde o poder local galego, en colaboración histórica desde a súa fundación coa Xunta de Galicia. No 2015 cumprirá 18 anos desde a súa fundación. Actualmente fan parte do Fondo 85 Concellos e as Deputacións da Coruña e Lugo.

- O FG desenvolveu a Rede Municipalista Solidaria (RMS), molde organizativo da asociación en Galicia. A RMS componse das e dos representantes políticas/os e técnicas/os das entidades socias e serve de ferramenta organizativa para a comunicación permanente arredor dos distintos proxectos que impulsa a asociación e para a organización de actividades nas entidade socias co Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (Igadi), promotora do Fondo e secretaría do mesmo (nodo central da RMS).

As representacións políticas e técnicas adoitan recaer na área de servizos sociais, mais recoméndase que tanto unha coma outra recaia en persoas con compromiso real e motivación coa cooperación internacional municipalista, para incorporar na axenda do seu Concello ou Deputación a defensa e promoción dos Dereitos Humanos universais e poñer en valor o traballo que realiza o Fondo Galego.

- O FG diríxese mes a mes pola súa Comisión Executiva, plural, transpartidaria e co mandato estatutario de funcionar por consenso. A Asemblea xeral de socios reúnese dúas veces ao ano. O Igadi, entidade independente e promotora da asociación durante os anos 90 exerce a súa secretaría desde a independencia e o aliñamento coa defensa dos Dereitos Humanos e a acción exterior de Galicia.

- **O FG é un actor fundacional do sistema galego de cooperación identificado como tal na Lei Galega do ano 2003, en toda a documentación estratéxica da Cooperación Galega e no actual Plan Director para a Cooperación Galega 2014-2017.**

- **O FG é a rede sectorial máis plural e activa do municipalismo galego, o FG é a axencia de cooperación internacional do municipalismo galego.** En febreiro de 2014 a Fegamp e o Fondo Galego renovaron o seu convenio de colaboración.

- **O FG é unha rede para o S.XXI e unhas das pezas máis sólidas da acción exterior de Galicia, desenvolvendo vínculos fortes en Cabo Verde, Nicaragua e Cuba, entre outros.**

O Fondo realiza cooperación directa cos seus socios estratéxicos no SUR, e cooperación indirecta coa convocatoria de proxectos para ONGD galegas, ademais de axudas puntuais de emerxencia en situación de conflito bélico ou desastres naturais.

Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego **ten desenvolvido 150 proxectos en 25 países**, centrándose en Cabo Verde (xunto ao espazo xeopolítico do Países de Lingua Oficial Portuguesa), Nicaragua, Cuba e Perú, países estratéxicos do Fondo Galego.

- **O FG é un modelo de cooperación municipalista que exporta e promove a Unión Europea.**

Durante o 2011, 2012 e 2013, o Fondo Galego participou no proxecto *Networking for development*, financiado pola UE, onde o FG, sendo en boa medida inspirador da iniciativa, xogaba un rol asesor en base ao seu modelo de funcionamento con municipalidades de Portugal e Alemaña. **Froito deste proxecto, no 2013 constituíuse a Rede intermunicipal portuguesa para a Cooperaçao Internacional.**

No ano 2014, a UE aprobou o financiamento da II fase de *Networking for development*. Nesta ocasión, introducindo no proxecto a Concellos portugueses, alemáns, e tamén holandeses. *Networking for development II* desenvolverase entre marzo de 2014 e marzo de 2017.

TODA A INFORMACIÓN NA WEB [WWW.FONGALEGO.GAL](http://WWW.FONGALEGO.GAL)



OU CONTACTANDO CON [info@igadi.org](mailto:info@igadi.org) ou nos teléfonos; 986 843436 / 698144536